



Presentación



EDITA:

Sociedade Liceo
Alameda s/n
15200 Noia - A Coruña
Tef./fax: 981 82 05 35

COORDINADOR:

Cándido M. Prego Rajo

CONSELLO DE REDACCIÓN:

José Agrelo Hermo
Ramón Carredano Cobas
M^a Antonia Castro Patiño
José Ramón García García
Pedro García Vidal
A. Ventura González Arufe
Aurora Marco López
Xosé Moas Pazos

CAPA:

Alfonso Costa

DESEÑO GRÁFICO:

Xosé L. Ces Laíño

IMPRESIÓN:

Gráficas Sementeira, S. A.
Telf.: 981 82 38 55
Fax: 981 82 05 35
E-mail: sementeira@arrakis.es

DEPÓSITO LEGAL:



revista Alameda nace coa idea de converterse nun vehículo de información cultural, opinión e participación ppara todos os socios e socias, e colaboradores do Liceo. Queremos afondar na vida, na cultura e na historia de Noia, ofrecendo a máxima transparencia e abrindo as portas a todos aqueles colaboradores que queiran achegarnos as súas iniciativas, escritos ou suxerencias para mellorar a vida social, cultural e deportiva do Liceo, no entorno da nosa comarca e do noso Concello. Este era un vello proxecto da Xunta Directiva que por un ou outro motivo nunca chegou a poñerse en marcha. Aquel proxecto faise agora realidade e, como Presidente, é para min un motivo de grande satisfacción presentar o número cero de *Alameda* que, nun principio, terá periodicidade trimestral.

Non é casual que a súa saída sexa neste ano e mes: o ano do cincuentenario da morte de Castelao a quen homenaxearemos o mes de Agosto coa representación de *Os vellos non deben de namorarse*, a cargo dun amplo elenco de xentes de Noia, dirixidas por Xosé Agrelo; maio, o mes en que se celebra o Día das Letras Galegas. Nesta Sociedade temos organizado moitos anos actividades diversas, tamén o faremos este coa representación dalgunhas pezas de Calderón de la Barca, no catrocentos aniversario do seu nacemento, verquidas por primeira vez ao galego. Temos tamén unha pequena lembranza para Manuel Murguía, a figura homenaxeada este ano. E non esqueceremos ás persoas que cultivan as artes plásticas: en cada número figurarán traballos da "Escola de Gravados Alfonso Costa" da nosa Sociedade. Con isto pretendemos inaugurar unha nova etapa, afrontada con ilusión, e coa confianza da que nos deron mostra todos os socios e socias do Liceo noiés ■

José Moas Pazos

Presidente da Sociedade Liceo

Buzón do socio

Sumario

Buzón do socio	2
Axenda	3
Seccións	6
Tenis	
<i>José R. García García</i>	
Historia do Liceo	9
<i>Ramón Carredano Cobas</i>	
Entrevista	12
Xosé Moas Pazos	
<i>Por Pepe da Roca</i>	
O ensino en Noia	14
<i>José Agrelo Hermo</i>	
Xeografía	17
A Alameda de Noia	
<i>Pedro García Vidal</i>	
Personaxes	25
Francisco Romero Blanco	
<i>Aurora Marco</i>	
Historia	31
Memorias do Franquismo	
<i>Xerardo Agrafoxo</i>	
Cancións de Noia	33
" Tú que brillas en el cielo "	
<i>Prudencio Romo</i>	
Colaboracións	34
Simboloxía xuvenil e liberdade	
<i>Anxo Tarrío</i>	
Os nosos libros	37
Letras Galegas	39
Manuel Murguía	
<i>Rosa das Sebes</i>	

Con relación a esta sección da nosa revista, animamos a todos os socios e socias para que utilicen o "Buzón de suxerencias" que está á súa disposición xunto á Conserxería.

A Directiva do Liceo resérvase o dereito de publicar íntegra ou parcialmente as súas cartas ou suxerencias.

Recentemente enviouse unha enquisa a todos os asociados para que mostrasen as súas inqueданzas. Aínda que non se recibiron moitas, as que nos chegaron coinciden nun desexo: que se deixe de fumar nas salas de TV e de lectura.

O socio nº 5156, Sr. Gómez Bargo, escribe unha carta ó Sr. Presidente da que reproducimos o párrafo terceiro polo seu interese:

"Estou bastante descontento do funcionamento das invitacións que se dan para os familiares dos socios, sobre todo cando hai programacións nas que se xunta unha gran cantidade de xente. Paréceme que debe ser intolerable que no salón onde se represente, por exemplo, unha zarzuela, o aforo sexa en termos aproximados dun 60% de invitados e un 40% de socios. E o que me parece xa unha falta de respecto é que, por parte da directiva, se consinta que un socio teña que quedar de pé, ou non poida asistir a un espectáculo, habendo como hai moitas veces máis da metade de persoas que non son socios e que, por suposto, non pagan á Sociedade. Por iso, prégoles que tome as medidas necesarias para atallar estas situacións pouco menos que vergonzosas".

Sr. Presidente:

Aínda que este buzón é máis ben para dar suxerencias que redunden en beneficio da nosa Sociedade, permítame, sequera por unha vez, que exprese unha queixa: ¿por que as autoridades pertinentes non conceden a licenza para darlle un alto ó edificio social? Todo Noia sabe que é esta unha necesidade urxente pois imos en camiño dos 2.500 socios, centos de xoves desenvolven apretadamente nas súas instalacións multitude de facetas culturais e deportivas e dúcias de persoas maiores intentan acomodarse como poden nos seus salóns, e parece que os únicos que non se enteran son as autoridades tanto da Corporación anterior como da actual. A elevación dunha planta máis, que non vai contra a lexislación urbanística, é un clamor unánime pero eles arredediós que siga como está. ¿E que é iso de que hai que suprimir a terraza se está á liña das escaleiras do Concello, con permiso legal? ¿Ou é que o Concello ten patente de corso? ¿Ou será cuestión de cultura, señor Presidente? ¿Ou non será?. Socio nº 2819



Cándido M. Prego Rajo

Axenda

ACTIVIDADES

Seguindo coa liña de outros anos, no presente curso estanse a impartir no Liceo as seguintes actividades:

Música de guitarra
Taekwondo
Tenis de mesa
Gaita galega
Mantemento físico e aerobio
Música coral
Gravado
Pintura e Debuxo
Culturismo
Baile galego
Pandeireta
Xadrez

A sección de TENIS-MESA clasificouse recentemente para xogar a fase de ascenso a Primeira División. Celebraranse campións de todas as idades e cursos de formación para os máis xoves.

A sección de XADREZ tamén se clasificou para xogar a promoción de ascenso á 2ª División.

No próximo mes de agosto, farase unha Exposición de Pintura cos cadros que pintaron os alumnos durante o curso.

Tamén se vai celebrar nese mesmo mes un Cursiño de Gravado que impartirá o pintor noiés Alfonso Costa, con exposición de traballos realizados no mesmo.

Estase a organizar un Curso Básico de Informática. Está previsto que comence no próximo mes de maio.

Por outra parte, a nosa Coral, ademais de participar

na IIIª Edición do Certame "Vila de Marín", a celebrar nesa vila, fará un intercambio cunha coral de fóra da nosa comunidade.

O día 27 de maio próximo, 30 membros da Sección de Taekwondo desta Sociedade participarán no Torneo Galego Infantil de Vilalba (Lugo). Tamén neste mes haberá unha exhibición da sección no local social.

No mes de xuño 15 competidores de Taekwondo participarán no Torneo Galego Xunior e Senior.



Alumnas da Sección de Aerobic coa súa monitora Ana Isabel Angueira, en segundo lugar

FESTIVAIS

Pasaron xa os Festivais do Nadal e do Entroido con grande afluencia de público nos dous.

Cabe destacar que no Nadal a nosaprestixiosa Coral cantou as tradicionais panxoliñas, con gran éxito.

En Reis, celebrouse a Cabalgata con golosinas e regalos para os pequenos.

No Entroido houbo concursos de disfraces para maiores e pequenos. O xa tradicional Baile do Capón tivo lugar, como é costume, o sábado de piñata, con disfraces a propósito do tema que se propón cada ano. Neste, estivo dedicado ós "Contos". Na próxima edición dedicárase a "Unha noite de terror".

Estamos a programar a festividade de SAN MARCOS. Está previsto a estrea dunha selección de MARUXA a cargo da nosa Sección de Zarzuela.

O día 14 de abril estará con nós o contacontos Ricardo Barreiro.

O 24 do mesmo mes presentarase na Sociedade o CD "Esta noite hai un serán", no que colabora o Grupo de Pandeireteiras do Liceo.

O Grupo de Pandeireteiras da Sociedade obtivo o 3º Premio de PANDEIRETA no CONCURSO DE MÚSICA TRADICIONAL, celebrado en Arteixo o pasado día 9.



Alumnos da Sección de Culturismo co seu monitor José M. Agraso en primeiro termo



Alumnas da Sección de Pintura coa súa profesora María Elena Sánchez Barreiro



17 de maio
Calderón en galego
O Entroido
e
O desafío de Xoán Sapo
Grupo Estragón
Universidade da Coruña

O día 17 de Maio, Día das Letras Galegas, o Grupo ESTRAGÓN da Universidade da Coruña, con motivo do catrocentos aniversario do nacemento de Calderón de la Barca, representará no salón do Liceo dúas obras deste autor traducidas, por primeira vez, ao galego: *Las Carnestolendas (O Entroido)*, burla festiva típica do entroido, e *El desafío de Juan Rana (O desafío de Xoán Sapo)*, que pon en escena a grande máscara cómica que foi o personaxe de Juan Rana, neste caso nunha burla e ridiculización dos dramas da honra, onde Calderón arrasa con todos os tópicos do machismo e a honra conxugal. A representación completárase con dúas pezas breves en castelán: *El gallinero*, adaptación en verso castelán dunha farsa normanda, e o entemés *El talego*, de Luis Quiñones de Benavente, o millor entremesista do Século de Ouro.

Convén destacar que o galego era a única lingua peninsular á que este autor non estaba aínda traducido.

VARIOS

Celebrouse na Sociedade o II CAMPIONATO NAVIDEÑO DE DOMINÓ, organizado pola mesma, e no que tomaron parte as mellores parellas da comarca. Resultou campiona a formada por José M^a Rilo e Ignacio Carnota.

No transcurso das Festas de Nadal expuxo os seus cadros o pintor afincado nesta localidade LINO COSTAS.

É intención da Directiva do Liceo presentar o 16 de maio, con motivo das Letras Galegas, a revista ALAMEDA que nace nesta primavera 2000 con ilusión e co desexo de longa vida.

O 24 de xuño queremos inaugurar os terreos deportivos de "Ceilán", coa celebración da tradicional verbeña de San Xoán.

NOTA: Facemos un chamamento ás casas comerciais que desexen anunciarse nesta revista para que se dirixan, de estaren interesados, á Directiva do Liceo, que lles informará ao respecto.



Sres. Rilo e Carnota, parella gañadora no II Campionato Navideño de Dominó



José Ramón García

Seccións

Tenis de mesa

Sógase ó ping-pong en salas, en garaxes, en xardíns,... Está en todas partes. Este xogo é sinónimo de tempo libre que fai referencia á convivencia, á diversión, á sociabilidade...

Sen embargo, o tenis de mesa é tamén un deporte olímpico. A súa

psicolóxicos e físicos que non en tódos os deportes se precisan.

Permite desenvolver diversos recursos e competencia. No plano motor, a súa práctica mellora a destreza, a coordinación, a velocidade, a precisión dos xestos. No referente ó aspecto cognitivo, o alumno progresará na súa capacidade de apreciación da traxectoria, de toma de decisión, de anticipación, de análise do xogo e de



práctica, que se realiza entón en salas e pavillóns deportivos, é moi esixente. O xogador de competición necesita unha técnica moi precisa, acompañada por cualidades físicas e mentais extraordinarias.

Visto así, o tenis de mesa é un deporte espectacular moi complexo con aspectos técnicos, tácticos,

elaboración dunha extratexia. Por último, o desenrolo dos recursos afectivos é eficaz no plano da motivación, da oposición e do marcador, da concentración e do dominio de si mesmo. En definitiva, o xogador deberá captar informacións e interpretalas, elixir e tomar unha decisión, programar unha resposta e executala; todo isto nun lapso de tempo moi curto. Así pois, induciráselle a anticiparse tanto máis canto maior sexa o seu nivel de experiencia.

É un deporte en pleno desenvolvemento, tanto a nivel federativo como a nivel escolar. A súa estrutura e o número de clubs e de xogadores medra sen parar. Ademais, debido á nosa localización xeográfica, este deporte adáptase perfectamente ás limitacións ás que nos somete o clima.

Unha boa formación técnica é física pode ser determinante para que os nenos que se decanten por este deporte teñan garantías de poder chegar a ser, cando menos, bos xogadores. Por isto, no Liceo de Noia xa hai máis de seis anos que se implantou esta actividade co obxectivo de afianzar este deporte nas distintas categorías (escolares, provinciais, rexionais e nacionais).

Naquel momento, José Ramón García (Delegado e

tódos os recursos para que os rapaces aprendan: proxección de vídeos, xornadas con entrenadores de alto nivel (incluso extranxeiros), cursos de formación da Xunta e da Federación, etc...

Nas clases diarias a enseñanza limítase á aprendizaxe e perfeccionamento de varios factores: físicos, técnicos, tácticos e psicolóxicos.

Físicos: É un aspecto importante na preparación do xogador. Este debe ser rápido, preciso, resistente á fatiga... Se non se forma o aspecto



Un grupo de alumnos e xogadores de Tenis de Mesa

Entrenador da actividade), non se imaxinaba a boa acollida que ía ter a sección. Hoxe en día, asisten ás clases cerca dunha cincuentena de persoas de todas as idades, repartidas en varios horarios durante toda a semana. Cóntase con equipos en practicamente todas as categorías, desde escolares ata divisións nacionais de alto nivel. Celebráanse campionatos, ligas, cursos, e unha gran cantidade de actividades necesarias para atender a todos os alumnos.

O futuro radica na boa formación dos nenos que entran cada ano. José Ramón García procura aproveitar

físico, a mente do xogador non rexe igual.

Técnicos: O coñecemento e a boa execución dos golpes é determinante. O neno debe ter destreza coa pelota (aquí conséguese un bo desenvolvemento motriz do alumno). Por suposto, o dominio das regras e da normativa, xunto co vocabulario é básico ■

Táctico: O rapaz debe saber tomar decisións dependendo das características de xogo do adversario.

Psicolóxico: Un bo xogador debe facer gala de cualidades tales como concentración, dominio dos nervios, combatividade, etc... De feito un xogador, aínda que teña menos destreza que outro, pode gañar con cualidades psicolóxicas boas.

En resumo, aínda que este artigo poida ser excesivamente técnico, o obxectivo é reflectir a seriedade coa

ACTIVIDADES DO ANO 2000

Dentro das actividades deste ano tivemos, aparte das xornadas de liga: Campionato de Nadal SEGUROS OCASO; Desprazamento a Sada de nenos benxamíns, alevíns e infantís a un centro de alto rendemento; Fases de ascenso do equipo de 3ª División á 2ª División Nacional na localidade de Poio (Pontevedra); e a Fase preparatoria para o Campionato de España dos equipos da división de Honra (Arteal e Cosaga Ourense) e de varios equipos de 1ª División, celebrado no pavillón do Liceo o pasado sábado día 25 de Marzo.

Dentro das actividades previstas, teremos:

Cuadrangular Vilagarcía, Cambados, Padrón e Noia,



Equipos de competición de 2ª e 3ª División Nacional

que se debe tratar un deporte; un deporte que nun principio ten características máis propias dun xogo (o que é unha ventaxa á hora de iniciar os nenos), pero que, tomado en serio, precisa dunha grande dedicación e chega a ser apaixonante.

que este ano toca celebrarse en Noia nas festas de San Marcos; fase de ascenso do equipo de 2ª División a Primeira División Nacional, a celebrar nunha cidade española aínda sen determinar; Campionato de Verán de Tenis de Mesa SOCIEDADE LICEO DE NOIA, que se celebrará nas festas de Agosto de San Bartolomeu; Xornadas de perfeccionamento dos nenos a cargo de entrenadores de alto nivel da Xunta de Galicia, etc...



Ramón Carredano Cobas

Historia do Liceo

*En los jardines de Felipe de Castro
Todos los días hay reunión
Allí se juntan los que no trabajan
Murmurando siempre del trabajador*

Parece ser que estes murmura-
dores dos que fala a popular
copla noíesa foron a semente

Noyesa", dirixida por D. Julián Lázaro Herce, oficinista de "Talleres Acco", pequena empresa adicada á construción naval. Foi elexido como presidente de honra Don Germán Vidal.

Lucía a xove agrupación un fermoso pendón bordado polas Srtas. Oliva Brenlla Pestonit e Carmen Blanco-Neu, segundo dibuxo de D. Aurelio de Andrés Moreno. Este fermoso pendón, que foi depositado na casa do presidente da agrupación, atópase hoxe na secretaría da



"Agrupación Artístico-Musical Noyesa" (1928)

do que hoxe é a nosa florecente Sociedade Liceo.

No antroido do ano 28 deuse a coñecer ó público a rondalla "Agrupación Artístico-Musical

Sociedade, sendo o seu paulatino deterioro, verdadeira preocupación da actual directiva.

Os éxitos acadados pola "Agrupación" en diversas localidades, decidiron a aquel grupo de xoves a buscar un local fixo onde proseguir os seus ensaios, idea que foi medrando ata callar na decisión de ir máis alá

e fundar unha sociedade artesana de carácter máis humilde que o "Casino de Caballeros" que xa contaba por aquel entón con 77 anos de existencia.

O 28 de Agosto do ano 1.928, fundouse a Sociedade Liceo, estando a súa primeira directiva formada polos seguintes Srs.: Presidente: D. Luis Rivas Rego; Vice-presidente: D. Manuel Seijas Louro; Secretario: D. Mariano Nimo Fuentes; Contador: D. Severo González Rivas; Depositario: D. Angel Abeijon; Vocales: D. Aurelio

ceu ata o 31 de Decembro de 1.933, cando o número de socios chegaba xa á increíble cifra de 500.

Ante tan singular crecemento, a directiva decide trasladar de novo a sede a un novo local, millor acondicionado e con múltiples dependencias para as súas actividades culturais e artísticas, mesmo un salón de



Directivos fundacionais


Rodríguez Millares, D. Manuel Iglesias Siso, D. Basilio Pérez Barbazán e D. José Rego.

A nova sociedade instalouse no piso alto do que era naquel momento a Ferretería de Rivas, a carón do pazo dos Acosta, en cuio baixo está instalada na actualidade a armería Romaní.

Contaba con 45 asociados que satisfacían unha cuota de dúas pesetas mensuais, co que iniciaron a súa andadura, mercándolle ó "Casino de Caballeros" un mobiliario medianamente usado, pois carecían do máis esencial, xa que a devandita sociedade estaba remozando as súas instalacións.

Pronto, o local da "Casa de Rivas", foise quedando pequeno debido ó incesante incremento da masa social, polo que tras moitos estudos económicos, trasladouse á casa propiedade de D. Angel Pérez, sita na Porta da Vila, cuns xardíns e una horta fermosísimos, onde permane-

baile con capacidade abondo para a nova masa social. Tan fermoso local estaba situado na rúa do Comercio e pertencera a D. Primitivo Trigo Pardiñas, coñecido comerciante da localidade, quen tamén construíra o Coliseo Noela, propiedades ambas as dúas que pasaran recentemente a mans do médico da vila D. Ramón Mariño Neu, e logo propiedade da familia Guerra, que instalou, nos baixos do edificio a Ferretería Guerra, hoxe desaparecida. Este novo local foi inaugurado pola Sociedade o día 1 de Xaneiro do ano 1.934, e nel permaneceu ata o 13 de Agosto, pois na madrugada do día 14 do citado mes, un incendio destruíu por completo o



Pepe da Roca

Entrevista

Xosé Moas Pazos

Presidente desde 1986: 14 anos son moitos anos, ¿Que cambiou no Liceo desde aquela ata hoxe?

Para contestar sinceramente nada mellor que reflexar a realidade con que se atopou esta directiva: recibimos unha sociedade sen recursos económicos, con 700 socios e un edificio en lamentable estado; por non ter, nen tiña o tellado arranzado; o regulamento estaba anticuado e boa mostra disto é que as mulleres, por exemplo, non podían ser socias.

Primeiro planificamos e programamos un traballo a curto prazo e outro a longo e medio prazo: comezamos facendo un novo regulamento e afrontamos a reestructuración das instalacións financiando estas obras co adianto da cuota social por 5 anos, e máis cun crédito hipotecario. Desta forma o local social resulta operativo para a vida diaria porque conseguimos unhas instalacións orgullo de todos os socios e socias que na actualidade alcanzan a cifra de 2.600.

Neste momento ¿que representa o Liceo para o pobo de Noia?

Estimo que é un orgullo para todos os noieses que poidamos presumir de ter unha das sociedades máis brillantes de toda a comarca, e quizás de toda Galicia, nun pobo da nosa entidade de poboación. E para Noia é unha referencia cultural e deportiva, na que participa máis do 50% da xente da nosa vila.

Hai quen di que o Liceo no aspecto estrictamente cultural actúa como un concello paralelo

Xosé Moas Pazos, mestre de vocación, político de acción, organizador nato e, sobre todo, noiés medular ao que ningún problema de Noia lle é alleo. Catorce anos ao fronte da Directiva da Sociedade Liceo, considerados como moi positivos pola inmensa maioría dos socios, avalan o seu currículum de infatigábel traballador da cultura.

O Liceo ten unha programación cultural propia, e non trata de competir co concello nen con ninguén, aínda que non deixo de recoñecer que a nosa oferta cultural é moi completa. De todos xeitos, creo que o concello ten máis posibilidades, pois ó confeccionar os orzamentos dase prioridade á partida para cultura. Hoxe xa se sabe que, sen medios económicos, non se pode ofertar e potenciar a cultura.


A sociedade con máis de 2.500 socios que por nome Liceo é radicalmente culta, tamén por fundación é antielitista. ¿Pode e debe aumentar o número de asociados?

A capacidade actual das instalacións encóntrase case ó límite, aínda que o poñer en funcionamento os terreos deportivos de Ceilán, así como a nova planta do edificio social que esperamos levar a cabo unha vez superados os

Esperamos que no 75 aniversario poidamos ter rematadas as novas instalacións, e haberá que programar para ese ano actos que deixen grabada, na memoria da vila de Noia, unha data tan importante como a que vai conmemorar no 2003 a Sociedade Liceo.

A revista *Alameda* é agora a filla pequena da nosa colectividade, ¿que futuro lle auguras?

A idea da directiva é de que esta revista teña longa vida e que vaia acompañada, ano tras ano, da oferta cultural da sociedade. Para iso será



atracos inexplicables que o concello nos está poñendo –sen razón, na nosa opinión, pois non existe especulación nen lucro na obra que queremos levar a cabo, senón tan soio aumentar a oferta cultural e deportiva–, con esas novas instalacións, dicía, creo que a sociedade poderá seguir crescendo con máis socios.

O vindeiro ano 2003 cumprirase o 75 aniversario do Liceo, ¿que proxectos terá rematados para aquela?

imprescindible que nos próximos seguintes haxa unha suscripción masiva de todos os socios, cunha cuota anual testimonial. En ningún momento esperamos financiar o custo total da revista con dita suscripción ■



Xosé Agrelo Hermo

O ensino en Noia

Antecedentes: A Idade Media

Aínda que os primeiros documentos escritos que coñecemos sobre o ensino en Noia están datados a comezos do Renacemento (1544), isto non quere dicir que na nosa Vila non houbera durante a Idade Media unha actividade docente proporcionada á importancia deste burgo establecido por Fernando II en 1168.

A situación estratéxica de Noia, que a convertía nun importantísimo centro comercial marítimo e terrestre, a súa íntima vinculación á Mitra compostelá e, sobre todo, a existencia de imprescindible e omnipresente Confraría de Clérigos da Concepción que acubillaba os florecentes gremios de comerciantes, mareantes e artesáns, esixían unha mínima estrutura académica que preparase amanuenses, escribanos e notarios, elaboradores de escritos tan necesarios como actas, testamentos, foros, compras, vendas, permutas e cesións. Podemos deducir que o ensino de Noia estaba nas mans da citada Confraría de Clérigos, a única organización, naqueles intres, con vontade e capacidade para desenvolver os ideais de vida que impregnaban o traballo escolar no medioevo europeo, a saber:

a) Imprimir á cultura un selo unitario de concepción cristiá en todos os eidos.

b) Aceptación dun ideal relixioso nunha escola dialéctica, co fin da sabedoría, entendida como comprensión racional dos fundamentos relixiosos.

c) Submisión da ciencia e da filosofía á teoloxía, o que supoñía un control total do ensino por parte da Igrexa.

d) Aceptación da cultura clásica e da lingua latina como presupostos básicos de toda aprendizaxe

Este entramado ideolóxico concretábase na práctica da escola cun férreo dogmatismo pedagóxico; unha metodoloxía exclusivamente deductiva a través dos siloxismos, e unha mecánica de aprendizaxe case totalmente memorística e verbalista que atendía máis á letra que ao espírito dos textos.

As escolas

O ámbito deste tipo de ensino é a escola medieval, tan importante como pouco estudada. Non habería en Noia escolas monacais para a preparación de monxes, nin escolas catedralicias ou episcopais nas que se formaban os sacerdotes, nin escolas de cabalería que, nos pazos e castelos, educaban os futuros cabaleiros nas probidades ou virtudes cabaleirescas como a cetrería, a etiqueta, a lealdade, a equitación e a esgrima; pero si tiña que haber unha escola gremial pois as asociacións de artesáns, mariñeiros e comerciantes tiñan un enorme pulo nesta época e eran totalmente absorbentes, polo que os profesionais non podían medrar fóra dos gremios. O ensino nestas escolas era o tradicional aínda que, pola súa propia esencia, estaban un pouco á marxe da organización escolar eclesiástica. Os alumnos, submetidos a un duro autoritarismo propio deste tempo, tiñan que pasar por unha serie de etapas escalonadas e sen saltos posibles: aprendiz, oficial e mestre. O grao de mestría era o que lle confería ao traballador a capacidade de abrir o seu propio obradoiro e incardinarse no gremio.

Os gremios representan a penetración do espírito de clase na vida social e con eles nace o que se denominará clase media ou burguesía –non esquezamos que o rei

Fernando II creou na freguesía de Santa Cristina de Noia un burgo ao que chamou profeticamente Totum Bonum, isto é, Todo Bo- e esta burguesía necesitará darlles aos seus fillos unha preparación cultural que non lles proporcionaban as escolas gremiais. De aí xorden as escolas municipais, así chamadas porque eran os propios Municipios ou Concellos os que as custeaban, recibindo como contrapartida uns dereitos que posuía a Igrexa, como o de presentación de profesorado e a inspección dos centros. Isto, lóxicamente, orixina diversos preitos e pugnas a pesar de que os primeiros mestres municipais seguen a ser clérigos, normalmente bachareles. Tamén algúns particulares, titulados académicos ou persoeiros vilegos, fundan as súas propias escolas, orixinando deste

Do que si estamos seguros é de que en Noia non existían daquela escolas superiores (chamadas Estudios Xerais a partir do século XII, precursoras das Universidades) para a formación de clérigos e bachareles, pero si en Santiago, que para o caso era o mesmo, dada a íntima unión entre Compostela e a Vila de Noia, que marcou –e seguirá a marcar– os períodos máis florecentes da nosa historia no aspecto socio-cultural. Alí os futuros dirixentes da nosa comunidade formábanse



xeito un proceso de secularización do ensino, lento pero progresivo.

Estas escolas municipais, verdadeiro xérmolo da escola pública, tiñan dúas variedades:

- a) Escolas elementais, nas que se aprendía a ler, escribir, contar e rudimentos de latín. Entre os textos máis usados desde o século XIII está o de Alejandro Villa Dei, composto en verso, e a Gramática de Donato, así como táboas e silabarios.
- b) Escolas de Artes, nas que os alumnos recibían nocións de Gramática e Retórica, unha especie de ensino secundario.

nas disciplinas propias de época: o Trivium, que abarcaba as tres artes liberais relativas á elocuencia –Gramática, Retórica e Dialéctica–, e as catro artes matemáticas do Cuadrivium –Aritmética, Xeometría, Música e Astroloxía ou Astronomía–.

Así se preparaban os noieses para entrar con seguridade e orgullo na revolución humanística do século XVI, nese paso egrexio da Historia, do teocentrismo ao antropocentrismo, ao que se lle deu en chamar Renacemento ■



Cruceiro de Eiroa. Rodrigo Martínez Cambeiro.
Premio especial "Xoves Artistas Galegos".
Escola de Gravados "Alfonso Costa"



Pedro García Vidal

Xeografía

A Alameda decimonónica

A ALAMEDA DECIMONÓNICA NOIESA. O LEGADO DUN ESPACIO PÚBLICO PARA O LECER

As fontes da memoria urbana

Na paisaxe actual de calquera cidade ou vila que como Noia teña tras de sí un pasado de séculos aparecen múltiples elementos que nos falan dos diferentes períodos polos que a realidade urbana pasou. Desde os remotos tempos medievais da súa fundación ata o momento presente, moitas das circunstancias polas que atravesou a vila de Noia ó longo da historia, momentos de florecemento e de crise, de apoxeo e devalo, van quedar impresas na súa imaxe dunha ou doutra forma. Así, na vila que hoxe contemplamos, resultado da mutación a través do tempo, imos atopar cunha serie de espazos ou arquitecturas pertencentes a diversas etapas históricas que van establecer un diálogo entre o momento en que naceron e o momento actual. Serán as fontes da memoria cidadá, os fitos referenciais do pasado. Canto máis significativo sexa o resto, máis intenso será o lazo de unión entre dito pasado e o presente, máis fluído será o diálogo que se establece entre o obxecto observado e o observador, máis poderosas, en fin, serán as imaxes doutro tempo que proxecta na mente da persoa que o contemple. Para calquera cidadán noiés, a vila non se concibe sen a presenza deses documentos visuais do pasado, as probas en pedra dos seus momentos de esplendor, os fachos que alumean a memoria do que fomos. A súa importancia visual, sumada á intensa carga simbólica que proxectan, vai convertelos nos fitos referenciais da vila, nos seus monumentos máis representativos: Santa María a Nova co seu cimiterio e laudas gremiais, San Martiño,

Casas nobres, Pazos urbanos, etc. Normalmente, ó tratarse de obras procedentes dos máis lonxanos instantes da vida urbana, a súa forza e poder de seducción son tan intensos que fai que con frecuencia, inxustamente, se minimize a importancia doutras realizacións da vila de menor antigüidade.

As transformacións dos séculos XIX e XX. Unha nova paisaxe urbana

Recoñecendo esa grande relevancia das realizacións urbanas que nos remontan á Noia máis antiga,



A Alameda a principios de século. Estamos ante o clásico paseo, un camiño franqueado de árbores, un espazo verde de considerable extensión onde o elemento arbóreo vai ser protagonista. Dúas fiadas de árbores non paralelas que converxen cara ó norte enmarcan o amplo salón central. Á dereita apreciase aínda en pé o muro que pechaba a horta dos frailes.

debemos admitir sen embargo, que é a vila concebida e realizada pola burguesía decimonónica a que está presente con máis forza e extensión no espacio urbano noiés, e as súas realizacións alcanzan en conxunto unha notable calidade. Será naquela vila de Noia de finais do XIX e primeiros anos do XX cando vai ter lugar, desde o punto de vista das realizacións urbanas, o grande instante da súa transformación paisaxística, e será maioritariamente esa nova paisaxe urbana a que chegue ata os nosos días. A clase social protagonista do cambio vai ser a nova burguesía industrial, comercial e funcio-

zando un papel moi destacado na Historia de Galicia desde 1168 en que se fundara, é o progresivo deterioro das condicións de vida no seu interior. O obsoleto das súas construcións, as moi deficientes condicións hixiénicas e sanitarias, con parcialidade do sistema de alcantarrillado, rúas húmidas e faltas de pavimentación, existencia de sumidoiros a ceo aberto, permanencia de pozos negros que había que baleirar periodicamente, galiñeiros e cortes no interior das vivendas, son razóns que levan ás clases burguesas á búsqueda de solucións para poñer remedio a esta situación. Precisan unha mellora nas condicións de vida e unha profunda transformación dos aspectos hixiénicos existentes na vila, pois continuar vivindo nesa situación supoñía un serio perigo que ameazaba á súa propia existencia. A visita de epidemias non era infrecuente e o tributo cobrado cando facían aparición era elevado, dada a facilidade de propagación nun medio



Os xardíns de Felipe de Castro constitúen un espacio axardiñado-verde claramente diferenciado do paseo que constitúe a Alameda propiamente dita. A estatua do escultor Felipe de Castro preside e da nome coa súa presenza a estes xardíns románticos.

narial, que procedente na súa maior parte do exterior, vai amosar preferencia por instalarse no núcleo urbano, co que o vello recinto medieval sofre un incremento de poboación que paralelamente trae consigo unha demanda de mellores condicións de habitabilidade no espacio urbano.

Un aspecto a destacar naquel espacio herdado, o vello casco histórico amurallado que viñera protagoni-


tan propicio. Ante este serio perigo, as autoridades municipais, en definitiva as capas burguesas, levarán a cabo unha serie de melloras orientadas a conseguir unhas condicións hixiénicas que dificulten a aparición e propagación de enfermidades. Estas melloras van manifestarse en dous aspectos principais. Nun primeiro momento vai ter lugar a elaboración e difusión dunha serie de Ordenanzas para unha mellor hixiene pública, nas que se intenta regular toda unha serie de actuacións que se desenvolven no interior do recinto urbano: limpeza da vía pública, escusados, latrinas e sumidoiros, urinarios públicos, animais no interior do recinto urbano,....

Acompañando estas medidas vai procederse á realización dunha serie de obras orientadas á mellora dos servizos urbanos: intento de traslado do cemiterio urbano de Santa María a Nova, construción de matadoiro e praza de abastos, fontes, traída de auga, alcantarillado, empedrado de rúas, alumeadado público, etc.

Igualmente, e con obxecto de adaptar a vila ás novas necesidades do comercio e o transporte, vai ter lugar unha intensa remodelación da trama viaria herdada. Esta reforma non afecta únicamente ó espazo interior do recinto urbano, con novas aliñacións de rúas dirixidas a facelas máis anchas e rectiliñas, ou remodelación tendente á mellora do seu firme, con traballos de chapacuíñado ou enlousado de pedra. Simultaneamente a este feito, tén lugar unha das transformacións que máis radicalmente influíron no cambio de imaxe da vila de Noia, como é o trazado e construción das vías de comunicación costeiras que bordeando o núcleo facilitan o tránsito e comunicación de homes e mercadorías da vila entre si e co exterior. Desta maneira, co recheo e posterior construción dos peiraos e malecóns, xa non vai ser preciso atravesar o núcleo urbano, senón que este será bordeado por unha vía de comunicación adaptada ós novos medios de transporte, con todas as ventaxas que iso

supón de cara a unha maior facilidade de desprazamento.

As obras sucesivas para a construción dos Malecóns de Cadarso e Gasset, e a súa continuación nas rúas da Carreiriña, Porta da Vila ou Ferrador van modificar de xeito notable a imaxe da fachada marítima e fluvial, así como a totalidade do contorno terrestre do espazo amurallado. Unha das consecuencias do trazado destas novas vías, vai ser a conversión da zona norte da vila no seu centro de converxencia, o que unido á construción da nova estrada a Santiago, que ven substituír en importancia ó antigo camiño real ou Corredoira de Afora, vai contribuír a converter esta zona nun importante nó de comunicacións. Por conseguinte, a intención de desprazar a este punto o núcleo de confluencia das principais vías de comunicación comarcais, vai facer preciso unha



Plano do Campo de San Francisco de 1882. As novas aliñacións nel sinaladas darán lugar á futura Alameda e Campo da Feira. A destacar o trazado das novas vías de comunicación, xunto coa intención de construír unha praza de abastos no lugar que posteriormente se destinará a levantar a Casa do Concello, actual instituto Virxe do Mar (1889).

profunda transformación de todo o conxunto constituído polas terras que ata este momento formaran parte do espazo rural próximo ó recinto amurallado como eran as que viñan coñecéndose como Campo de San Francisco.

O desexo de crear un espazo público para o lecer

Ao mesmo tempo, dentro desta profunda reforma urbana protagonizada pola burguesía decimonónica noiesa, a preocupación de darse unhas mellores condicións de vida, o desexo de facer máis pracenteira a

zona axardiñada-verde para o recreo e solaz dos cidadáns. Comeza así a perfilarse a idea da creación do espazo público coñecido como Alameda, lugar que vai converterse co tempo nun dos elementos máis representativos da nova clase social emerxente, no símbolo que mellor define o seu novo concepto de cidade.

Un feito destacable que facilitou a realización das reformas proxectadas nesta zona norte da vila foi a dispoñibilidade de terreos para levalas a cabo. A desamortización de bens eclesiásticos de 1837 puxera nas mans do Concello de Noia unha amplísima extensión de terreo, o coñecido como Campo de San Francisco, que viña constituíndo as hortas anexas ó edificio relixioso do mesmo nome, e que se extendía desde o bordo norte da muralla que pechaba a vila, en contacto directo con ela, ata o barrio de O Calvario. Os franciscanos, procedentes do



Avenida de O Calvario. A construción da estrada Noia-Muros nos primeiros anos do século XX vai individualizar claramente os espazos da Alameda e Campo da Feira xurdidos dos terrenos agrícolas coñecidos como Campo de San Francisco, antes Agra das Viñas.

vida na vila, xunto cos ideais naturalistas e hixienistas que toman pulo nestes momentos e que contribúen a poñer de moda a valoración do aire libre e do sol, fan que comece a bulir a idea nas capas burguesas dirixentes de dotar ó espazo urbano da vila de Noia dun lugar para o esparexemento e descanso, un lugar onde poder disfrutar da natureza. Proponse a creación dun extenso paseo ben poboado de arboreda, dotar á vila dunha grande e fermosa

lugar de Mosteiro, preto da Ponte de San Francisco, trasladáranse á vila no ano 1522 logo de obter o correspondente permiso das autoridades municipais, instalándose no espazo agrario coñecido como "*Agra das Viñas*" e foran ampliando os seus dominios arredor do edificio relixioso no transcurso do tempo.

Estes espazos libres incautados á igrexa e postos en mans dos Concellos destináronse a diferentes usos segundo os lugares. Nalgúns casos parceláronse e foron vendidos a particulares autorizándose a edificación de vivendas, coa conseguinte renuncia ás posibles melloras urbanísticas a favor da especulación, noutros constituíron

prazas públicas, mercados, edificios administrativos, etc. Na vila de Noia, o desexo das capas burguesas dirixentes, de conseguir unha vila máis humanizada, máis agradable para vivir, máis saudable desde o punto de vista hixiénico, e máis fermosa desde o punto de vista estético, vai conducir a converter a antiga "Agra das Viñas", logo Campo de San Francisco, no que rematará sendo a Alameda e Campo da Feira, o maior e case único espazo axardiñado-verde, o máis destacado espazo de lecer co que conta a vila ata a actualidade.

En principio, este espazo que incluso inspiraba certo temor ós habitantes da vila que tiñan que cruzalo ó atardecer, dada a situación de abandono en que se atopaba, e que posuía unha extensión maior que a actual, pois chegaba polo norte ata o que é hoxe o edificio da Axudantía de Marina, vai ser obxecto dunha intensa prantación de árbores, sendo o álamo o elemento vexetal



Ata este lugar chegaban inicialmente os terreos do Campo de San Francisco que foran adicados a acoller as feiras periódicas de gando. Posteriormente, este espazo foi convertido en Campo de Fútbol municipal por cesión da Corporación ante a petición de varios socios do Sporting Club o 31 de xullo do 1919.

protagonista. Nos anos 40 e 50 do século XIX e posteriores vanse realizando sucesivas prantacións e tamén comeza a instalación dos primeiros bancos de pedra. Por estes anos nos Libros de Actas Municipais o nome de Alameda comeza a aparecer alternado coa denominación de Parque de San Francisco.

En sesión de 5 de xuño de 1880 as autoridades municipais "*dado el estado lamentable del parque de San Francisco, parque público de esta villa, se acuerda hacer diversas modificaciones que embellezcan su aspecto*". Desta maneira, a Comisión de Ornato público vai encargarse de elaborar un proxecto para a mellora deste espazo consistente en dotar á vila de Noia dun lugar para o paseo, do que ata ese momento carecía, que contribúa de xeito notable á mellora da calidade ambiental do núcleo urbano.

A conversión do Campo de San Francisco na Alameda e Campo da Feira

O proxecto, que vai enmarcarse dentro da xeral remodelación viaria que se vai levar a cabo no conxunto da vila e que afecta fortemente a esta zona norte, fai preciso a elaboración dun plano de aliñacións que delimite os lugares por onde deben discurrir as futuras rúas así como os espazos edificables. Para iso preséntase o plan en sesión do 6 de maio de 1882, que comprende a aliñación do Campo de San Francisco, Porta da Vila e Riveiro Grande, que por encargo da Corporación realiza D. Manuel Carballido, director de camiños veciñais da circunscrición de Noia. O proxecto é aprobado o 6 de abril do ano seguinte. As principais modificacións van ter lugar na Porta da Vila, que adquire un trazado máis rectilíneo; no espazo comprendido entre a Porta da Vila e o Espolón (hoxe Montero Ríos), limitado polo sur pola rúa do Rego; e unha terceira que se refire ó trazado que deberá seguir a rúa denominada Riveiro Grande (hoxe rúa do Ferrador).

O espazo ocupado pola grande extensión do Campo de San Francisco vai ser obxecto igualmente dun trazado máis regular e rectilíneo, gañando, sobre todo a Alameda, unha importante extensión de terreo a costa da horta dos frailes. O que non aparece prantexado nesta primeira gran reforma é algún tipo de proposta referida ó trazado e aliñación dunha conexión viaria que poña en contacto de maneira cómoda e rápida a zona do Calvario co núcleo histórico, e tampouco o trazado da que constituirá a nova vía a Santiago. Isto será un paso posterior e virá da man do proceso global de apertura de grandes eixos viarios que contribúan a facer de Noia un lugar central dunha extensa comar-

ca. Cando iso suceda, de novo este espacio do Campo de San Francisco deberá ser modificado.

O plano do Campo de San Francisco do ano 1882 que mostramos, constitúe o proxecto de futuro para este espacio cos seus límites e aliñacións, un documento fundamental para o coñecemento da reforma que se pretende levar a cabo. Neste proxecto inicial concíbese, ademais da aliñación das nacentes vías urbanas, a

do, a Alameda propiamente dita, e por outro, un "salón" axardiñado, de menor extensión, que vai dar lugar ós coñecidos como xardíns de Felipe de Castro. No primeiro caso estamos ante o clásico paseo, un camiño franqueado de árbores, un espacio verde de grande extensión onde o elemento arbóreo vai ser protagonista, con dúas fiadas de árbores non paralelas que converxen cara ó norte enmarcando o grande salón central do paseo. No caso do espacio axardiñado, son elementos urbanísticos os que predominan. Con trazado xeométrico de clara influencia francesa, onde surtidores de auga, parterres, bancos, bordos pétreos, e máis tarde a estatua central que preside o recinto, configuran o clásico espacio axardiñado decimonónico.



Algunha das reformas proxectadas no tempo para o espacio público da Alameda non sempre foron ben aceptadas pola cidadanía. A pretensión de colocar uns chafarís de pedra no centro de cada un dos paseos laterais foi fortemente contestada, e o poder político veuse na obriga de retiralos. Na actualidade están colocados diante da fachada do edificio que alberga o instituto Virxe do Mar.

creación dun gran espacio público que quedaría dividido en dúas partes principais. Unha delas estaría destinada a acoller a feira de gando, como xa viña realizándose desde que no ano 1856 se conseguira por concesión real o traslado da mesma desde as proximidades da ermita de San Marcos, na parroquia de Santa Cristina de Barro, a este Campo de San Francisco. A outra parte, unida á anterior e só diferenciadas por unha triple fieira de árbores separadoras, concíbese, á súa vez, compartimentada en dúas zonas. Por un lado, un paseo arbora-

Como soe ser norma habitual, estes lugares carecen de pavimentación, e as árbores máis empregadas para poboalos foron os álamos, dos que no Campo da Feira quedan algúns exemplares prantados entón. Tamén se empregan setines, acacias, plátanos,.....

A Alameda. Un espacio de privilexio para a vila de Noia

Ó longo dos anos o espacio público coñecido como Alameda e Campo da Feira vai sufrir diversas e significativas intervencións que fixeron mudar o proxecto inicial. Entre as máis destacadas: a realización da Avenida do Calvario como parte integrante da nova estrada a Muros; a creación a costa dunha parte do Campo da Feira dun terreo para a práctica do fútbol, logo empregado como

empozamento da praza de touros portátil; a edificación da Casa do Concello, antes cárcere do Partido, sobre o claustro da igrexa de San Francisco; a desaparición do muro que pechaba a horta dos frailes por diante do actual edificio do Concello; a concesión por parte do Concello a un particular do solar que dará lugar ó edificio de A Terraza; a prantación da feira central de palmeras; a pavi-

dosamente sinada nunha antiestética placa inapropiadamente colocada sobre os sillares graníticos que conforman a base do coqueto palco da música de 1950).


Ó igual que sucedeu coa paisaxe edificada, os anos da falta de liberdade supuxeron a introducción de elementos culturais alleos a unha paisaxe atlántica, que van desde especies arbóreas importadas ata elementos de pavimentación propios doutros espazos e culturas, que foron restando personalidade á Alameda nacida no XIX. Hoxe, alterada na súa concepción, invadida na súa intimi-



A "moda" que nos anos 60-70 ocultou tras baldosas cerámicas magníficas fachadas en pedra –*arquitectura de cuarto de baño*– contaxiou igualmente ás autoridades locais e fixo que o espazo da Alameda se pavimentara con este material alleo á tradición de enlousado en granito, habitual no espazo histórico. Xunto coas palmeras é unha contribución á mediterraneización da paisaxe atlántica tan na liña de despreccio do propio dos anos da ditadura.

mentación con lousas de chapacuña e rosetón central diante do Concello e, posteriormente, o enlousado con baldosas cerámicas dos paseos laterais; a creación do Parque infantil; etc, etc. En moitos casos, as reformas realizáronse respectando a personalidade e carácter con que este singular espazo fora impregnado pola burguesía decimonónica, noutros as mesmas foron levadas a cabo cun total descoñecemento da súa realidade histórica e cun importante despreccio ó seu pasado (por certo, somentes a última das múltiples reformas realizadas aparece fachen-

dade coa presenza de horrendas edificacións de vivendas nos bordos, negativamente modificada a súa estética, a vella Alameda segue a ser un espazo de privilexio para a vila de Noia, o lugar de paseo, lecer e encontro, un lugar envexado por aqueles que nos visitan; un lugar, en definitiva, que necesita de novas áreas que o complementen e que co seu permanente bulir de xentes pon a cotío de manifesto a importancia das zonas axardiñadas e verdes no interior dos espazos urbanos de cara a obter unha cada vez máis demandada calidade de vida ■



Gravado de Ana Cambeiro
Escola de Gravados "Alfonso Costa"



Aurora Marco

Personaxes

Francisco Romero Blanco

No último terzo do século XIX e comezos do XX, unha figura sobrancea no panorama científico e cultural galego. Consagrado ao estudo da Anatomía, os seus traballos traspasaron o Padornelo e até a prensa de Nova Iorque se fixo eco deles. Mais a súa intensa e frutífera actividade non se limitou só ao estudo da Anatomía: a filosofía, a antropoloxía, a literatura, a educación da muller, entre outros, foron temas que abordou en publicacións ou conferencias. Estou-me a referir a FRANCISCO ROMERO BLANCO, catedrático durante moitos anos de Anatomía Xeral e Descritiva da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago, tres veces Reitor desta institución, senador en representación da mesma en 1896, escritor, publicista... Nesta semblanza inaugural dunha serie de colaboracións sobre personaxes de Noia ou do seu entorno para a revista ALAMEDA, ofereço dados, rigorosamente inéditos, sobre tan destacada personalidade.



Fotografía reproducida de *El Eco de Galicia* de Buenos Aires, 1897

VIDA

No lugar do Vilar, parroquia de San Pedro de Tállara, concello de Lousame, arceprestazgo de Postmarcos de Arriba, naceu às cinco da mañá do 21 de outubro de 1838 Francisco Romero Blanco, fillo de Ramón Romero Malvárez e de Dominga Blanco Campos, do lugar de Vilar, de tan gratas lembranzas para o futuro escritor, que recriaría literariamente en diversos textos. Os primeiros estudos realiza-os na escola pública da parroquia Capital do Concello Constitucional de San Xoán de Lousame, a cargo do mestre titular de instrución primaria Andrés Esmít. De 1852 a 1854 segue os cursos 1º e 2º de latín cun profesor da vila de Noia, o Preceptor de Latinidade, Antón Suáñez Esparza. Posteriormente, de 1859 a 1859, fai os estudos de 2º ensino no Instituto de Santiago (agregado, naquela altura, à Universidade) e obtén o grao de Bacharel en Artes o 27 de xuño de 1859, coa calificación de Sobresaliente. Aínda que en setembro deste ano 59 se matriculou de 1º curso de Teoloxía, abandonou estes estudos polos de Medicina, que foi a súa verdadeira vocación e que concluíu brillantemente. Recebeu o grao de Bacharel en Medicina e Cirurxía o 19 de xuño de

1863, coa calificación de Sobresaliente e o de Licenciado na mesma o 20 de xuño de 1865, con Prémio Extraordinario. Só un ano máis tarde (o 12 de xuño de 1866) pasou os exercicios para a obtención do grau de Doutor, na Universidade de Madrid, e foi investido con tal grau o 10 de xuño de 1867.

Esta brillante carreira académica que concluiu coa obtención do máximo grau, o de doutoramento, xa se iniciara nos seus tempos de estudante na facultade compostelana: no curso 1860 a 1861, pola súa "grande aplicación e especial aproveitamento", a Xunta de Facultade de Medicina outorgou-lle un premio consistente na obra *Repertorio médico extranjero*. Por outra parte, debeu ser alumno moi distinguido en diversas materias (Patoloxía Xeral, Obstetría, Patoloxía Médica, Clínicas Médica e Cirúrxica 1º e 2º cursos, Clínica de Obstetría, Hixiene Pública e Medicina Legal e Toxicoloxía) porque en todas obtivo o denominado "premio ordinario".

Mentres cursaba a carreira, e durante algúns meses (desde outubro de 1861 a xaneiro de 1862) foi nomeado polo Reitor Axudante interino de Disección, posto que desempeñou, segundo oficio da citada autoridade, con "celo e intelixencia, o que lle servirá de mérito para o sucesivo". Do mesmo xeito, e previa oposición —obtivo o primeiro lugar entre moitos opositores—, foi nomeado o 18 de decembro de 1862 alumno interno do Hospital Clínico. Tomou posesión o 21 do mesmo mes e desempeñou o cargo até 1865, data en que recibiu a investidura do grau de licenciado.

Esta exitosa carreira académica tivo a súa saída natural: o exercicio

da docencia no mesmo centro en que cursara estudos. En 1868 foi nomeado Auxiliar polo Claustro da Facultade de Medicina con destino à cátedra de Osteoloxía e Disección, 1º e 2º cursos; o 19 de xaneiro de 1869, o Ministro de Fomento nomeou-no Catedrático en comisión de Anatomía Xeral e Descritiva, 2º curso, à que accedía, en calidade de numerario e previa oposición, o 1 de xuño de 1872. Aquela cátedra foi moi disputada entre dous opositores. As crónicas da prensa lembran os exercicios, no célebre coléxio de Fonseca, durante catro meses e cuxa vitoria obtivo o que os escolares, con certo temor e admiración, chamaban o Anatómico Romero



Fotografía reproducida de *Boletín de la Real Academia Gallega*, n° 128, 1919

Blanco. O tribunal de Anatomía de Romero foi sempre o tamiz dos estudantes de Medicina: o que del saía aprobado, xa era médico.

Mestre de moitas xeracións, Romero Blanco permaneceu naquela cátedra até 1916, ultrapasada com moito a idade de xubilación regulamentaria aos 70 anos (1908), e tras a solicitude de continuar no desempeño de tal cometido. Algúns dos seus discípulos (Alfonso Cerdeira, por exemplo), teñen evocado, en emocionados artigos, a súa figura e as súas clases: "impregnadas dun sentido filosófico-práctico, dadas perante un esqueleto ou cadáver, naquela aula memorábel de "Fonseca Compostelana", que, xa vella e maltreita, fixo conceber na mente de

Romero Blanco a idea de erguer sobre os seus cimentos unha obra arquitectónica que na praza do Hospital fose honra do século XIX". No labor docente, e durante anos, pasaba moitas horas do día no anfiteatro da facultade, onde el mesmo facía as preparacións anatómicas destinadas ao ensino da materia ou para o Museo Anatómico (conservadas en alcohol ou desecadas. Isto lle valeu un informe do Reitor à Dirección de Instrucción Pública, facendo constar tal extremo e destacando "a súa laboriosidade e afición à ciencia"). Unha destas preparacións naturais foi premiada, coa Medalla de Prata, na Exposición Rexional de Galiza de 1874.

Este labor profesional e os profundos coñecimentos da materia que ensinaba proxeccionaron-se en moitas publicacións que, a seguir, referirei, às que cumpre engadir

de Medicina (Ángel M^a de la Riva) manifesta entón que "constituiría unha perda irreparábel dada a súa competencia na ciencia histórica, e as súas condicións excepcionais para transmitir aos seus alumnos". Porén, oito anos depois, instruíse expediente de aptitude física e, após o preceptivo recoñecemento médico e as testemuñas de compañeiros de profesión e alumnos que sinalan, a maioría dos chamados a declarar, as frecuentes ausencias por motivos de saúde —era substituído, entre outros, por un noiés ilustre, Alejandro Rodríguez Cadarso—, o seu camiñar lento e dificultoso, a voz



Nun pátio de Fonseca, Facultade de Medicina de Compostela, grupo de estudantes do curso de Castelao (1), co catedrático Romero Blanco (2).
(Reproducida de *A Nosa Terra* histórica, n° 474, Día de Galiza de 1950)

outras actividades dentro da carreira profesional. Por tres veces ocupou o Reitorado da Universidade de Santiago: a primeira desde xuño de 1891 a marzo de 1893; a segunda de febreiro de 1896 a decembro de 1897 e a terceira en 1900, sen poder precisar cando finalizou este terceiro mandato. O 26 de abril de 1896 fora elixido senador pola Universidade de Santiago.

Ainda que lle correspondía xubilarse en 1908, autorizouse-lle a continuar no servizo activo do ensino por encontrarse coa aptitude física e intelectual necesaria (segundo oficio remitido o 18 de xaneiro de 1909 ao Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes). O decano da Facultade

apagada que apenas permitía ser ouvido, etc., o 14 de agosto de 1916 solicita a xubilación que consta oficialmente o día 21 de setembro do mesmo ano.

Francisco Romero Blanco morreu o 21 de novembro de 1918 (Couceiro Freixomil dá como data do seu falecemento o 22). Por motivo da súa morte, o tamén catedrático de Anatomía da Facultade de Medicina

de Santiago e escritor, Juan Barcia Caballero, publica no *Boletín de la Real Academia Galega*, un artigo necrolóxico onde di: "a sua intelixencia, aguda e sutil, de firme e seguro raciocínio, apaixonado do por que e para que, tiña verdadeira obsesión por estudar a vida, esta síntese de todas as funcións, esta función única, este grande misterio que nos rodea, que nos envolve e que nos acompaña desde o berce até o sepulcro. (...) Sendo como era anatómico consumado, aínda era máis filósofo".

Alén da súa intensa dedicación ao campo da docencia e a investigación, desenvolveu unha actividade incesante noutros campos. Foi Romero Blanco, como outros moitos galegos profesionais da Medicina, un verdadeiro médico humanista. Pertencia a numerosas sociedades:

O 29 de decembro de 1867 foi nomeado polo Gobernador da provincia Vocal da Xunta Municipal de Beneficencia do distrito de Lousame para o biénio 1868-1869. Actuou como médico no recoñecimento de quintos nos concellos de Lousame e Noia e sobretudo en camas criminais no Xulgado de Noia. Actuou como perito en recoñecimentos e análises médico-legais.

O 20 de xuño de 1891 foi nomeado Sócio Corresponsal da Real Academia de Medicina de Madrid, en atención ao mérito dunha *Memoria sobre as Transaccións orgánicas*. En Santiago foi, asimesmo, membro da Bénéfica Asociación da Cruz Vermella; individuo da Sociedade Protectora dos intereses de Santiago; sócio da Sociedade Económica de Amigos do País. Foi un dos cuarenta membros que, en 1906, fundaron a Academia Galega.

PUBLICACIÓN DE OBRAS CIENTÍFICAS

Escrebeu moito Romero Blanco aínda que non todas as súas producións viron a luz. Utilizou en ocasións o pseudónimo "Franrobla". Ademais de numerosos artigos, científicos a maior parte, en revistas como *Siglo médico*, *Genio médico quirúrgico*, *Revista de las provincias*, *Revista de España*, ou en xornais como *El Imparcial*, publicou varios libros e folletos:

De la Medicina, considerada como ciencia y como arte (Madrid, 1867)

Tratado de Angioneurología o sistemas vascular y nervioso considerados paralelamente en su parte anatómico-filosófica (Santiago, 1869)

Ensayo de angiología anormal. Casos de notable anomalía del sistema vascular (Santiago, 1875)

Programa detallado de Anatomía humana normal y fisiológica (Anatomía descriptiva y general, 1º curso) (Santiago, 1876)

Filosofía popular. La herencia del primer pecado según la ciencia (1877)

La herencia simia del hombre (Santiago, 1877)

Filosofía popular. La herencia del primer pecado según la ciencia y la carta de un cura (Santiago, 1877)

Programa de Anatomía humana normal y fisiológica (general y descriptiva, 1º y 2º curso) (Santiago, 1884)

La Vida en todas sus manifestaciones (Santiago, 1981). Discurso inaugural lido na Universidade de Santiago durante a solene inauguración do curso académico 1891-1892.


La Mano (Santiago, 1892). Resumo de dúas conferencias pronunciadas no Recreo Artístico de Santiago.

Deixou inéditos: *Un programa razonado de Anatomía humana normal y fisiológica. Fuentes de conocimiento y método de enseñanza*; *Tratado de Osteología normal*; *Anatomía en general: de la ciencia anatómica al alcance de todos* (do que publicara xa algúns artigos en revistas e xornais porque entendía que estes coñecementos debían ser de cultura xeral); *La Ciencia y la Religión*; numerosos artigos sobre cuestións de Anatomía e un abundante conxunto de *Observaciones tomadas al lado del cadáver*.

PERFECCIONAMENTO DE MÉTODOS E DESCUBRIMENTOS CIENTÍFICOS

Romero Blanco perfeccionou o método de conservación dos cartílagos costais e das súas articulacións co esternón e as costelas, e o de conservación dos discos intervertebrais dando ao conxunto do seu procedemento un carácter propio.

Foi autor dun *Compás anatómico* de grandes dimensións que permitía apreciar todo o espesor dun corpo, desde un milímetro até perto de dous metros.



Debuxo de Alfonso Costa feito especialmente para o traballo

Formulou a *Lei de transacción orgánica*, premiada pola Real Académia de Medicina de Madrid, de moita aplicación ao estudo da Anatomía.

O CULTIVO LITERARIO E OUTRAS ACTIVIDADES CULTURAIS

Na década dos 70 e 80 tivo un protagonismo destacado na vida social compostelana onde pronunciou numerosas conferencias e impartiu cursos en diversos centros culturais e artísticos:

- No Ateneo da Sociedade Económica de Amigos do País, nos cursos 1872-1873 e 1873-1874 explicou lições de Antropoloxía.
- En 1881 e 1882 tomou parte nas veladas literarias do Circo Recreo onde leu traballos literarios da súa autoría, en galego, e deu varias conferencias sobre a "Educación da muller".
- En marzo de 1881 foi nomeado polo Reitor, por acordo do claustro, membro da comisión executiva encargada de celebrar o segundo centenario de Calderón de la Barca. En calidade de tal, formou parte do xurado que tiña que examinar as composicións (en lingua galega) que optaban ao premio convocado a tal efecto, sobre o tema "Apoteose de Calderón". Pronunciou o discurso en loubanza de Calderón o día da sesión solene de conmemoración do segundo centenario.
- Tamén nos anos 1881 e 1882 foi Presidente da Sección de Medicina do Ateneo Escolar Galego e ali impartiu numerosas

conferencias sobre cuestións de Anatomía.

- En 1889 deu conferencias no Recreo Artístico da cidade sobre *La Mano*, que máis tarde viron a luz en forma de publicación (1892).

Na escasa e incompleta bibliografía que existe sobre este escritor, citan-se sempre o conto *Mariquiña e eu* (reproducido, cando menos, en catro diferentes publicacións) e, nalgunha publicación concreta, engáde-se un conto máis: *Un amor que mata e outro que da vida*. Sen ser estes dados inexactos, son, desde logo, incompletos. Romero Blanco escribiu en prosa e verso, en castellano e en galego. Colaborou en numerosa revistas e xornais: *El Alcance*, *Gaceta de Galicia*, *Fin del Siglo*, *El Eco de Santiago* (citadas sempre na bibliografía por quen se ocupou desta personalidade) mais tamén colaborou en *El Heraldo Gallego*, *Revista Compostelana*, *Revista contemporánea*, *Revista de Galicia* (que dirixía Emilia Pardo Bazán), en *Galicia*, *revista Regional* (que dirixía Martínez Salazar).

Alén dos dous traballos citados, foi autor de outros textos literarios publicados en revistas e xornais: *O outono e as follas do millo*; *A morte da miña nai*; *A cama do Santo*; *A miña Pilariña*; *A pedra da Xerpe*; *Máis bonito é Lidón*; *Lágrimas y llanto*; *El zapatero de Noya*.

É autor da carta-prólogo que figura no libro de Lisardo Barreiro, o médico e farmacéutico noiés afinchado en Vilagarcía, *Muestras sin valor* (1884).

Un denominador comun na maioría destes textos: a evocación da infancia nas terras que o viron nacer,

a lembranza nostálgica daqueles anos de xogos, de amizades, de personaxes queridas: "Coscorro", o zapateiro con que ía pescar troitas ao río Tállara, desde a Ponte de San Francisco até Cernande; Marica de Landeiras, a compañeira de xogos que cantaba fermosas coplas. E está tamén o canto apaixonado à paisaxe natal, cheo de quentor e entusiasmo: "Vilar, a miña pequena e querida aldea, aquel Vilar das miñas gratas lembranzas", Abelendo, o piñeiral de Soa-agra, Merelle, Lidón, no cúmio do alto Barbanza, Noceda, Sabucedo. E a Chaínza co seu carballo, onde se reunían, ao dicer de Romero Blanco, as bruxas e meigas polo San Xoán, "a árbore de Guernica das bruxas e xente murmuradora de Noia".

E no primeiro dos contos citados unha *explicatio* non pedida. Na primeira parte de *Mariquiña e eu* manifesta o seu amor à lingua galega, a que aprendeu no berce por boca da súa nai e que algunha vez esqueceu:

"... porque non acougo de contento cando pra ben da nosa lingua se fala. ¡Miña xoia! ¡Muito lle quero, muito lles quero a aquelas palabras feiticeiras, aquelas que miña nai me dixo e me enseñou a falar no berce! Aínda me acordo como se fora hoxe que, dimpois de chamar polo cocón, o sarronco e outras cousas que me poñían medo, cantábame aquela copra, ou cousa como ela, que di:

¡Heeeeera, hera meniño,

que están as papas no cacoroliño!

E outras cousas así, tan doces como os bicos dunha nai. (...)

Non podo calar porque tamén o que da nosa fala escribedes é pra min unha lembranza da historia de Mariquiña, que é a miña historia. Hoxe vola conto con dor do meu corazón; con dor, sí, porque me esquecín algunha ves da nosa fala, e pésame do feito".

Finalizo esta lembranza cunha referencia a Noia que figura en *El zapatero de Noya*, publicado por primeira vez en *El Heraldo Gallego*. Ao se referir à vila noiés di que é un povo artista, povo de verbenas, povo que canta e pon alcumes (inxeniosos, non ofensivos). Este povo ten un tipo: o zapateiro, artista tamén, cuxa vida evoca. Fala asimesmo das rapazas labradoras do Obre, Taramancos, Argalo, Sobreviñas, Tállara, Lousame, Coto, Santa Cristina, que cantaban moi ben no monte, ao igual que o facían na Corredoira a muller de Narciso (o grande barbeiro de Noia) e as súas amigas.

Unha personalidade relevante a de Romero Blanco que merece un estudo demorado e a recopilación da súa obra literaria ■



Xerado Agrafoxo

Historia

Memorias do Franquismo

Nunha investigación a medio camiño entre a constante búsqueda de documentos referidos a unha época tan significativa e a delimitación dos temas a tratar dentro da configuración sociopolítica que se intenta reflectir, este artigo pretende determinar aqueles puntos que nunha primeira visión de conxunto serán tratados con amplitude nun libro sobre a *Dictadura franquista na comarca do Barbanza e a ría de Muros e Noia*.

Nun principio, chama a atención a existencia de documentos sobre a chegada ás vilas dos soldados procedentes das trincheiras e as frías estadísticas sobre os homes feridos ou caídos no campo de batalla e que ensombrecen unha vida xa de por sí difícil, ó estar dominadas polo racionamento e a fame, a vixilancia a que eran sometidas determinadas persoas pola Falanxe e os organismos creados para evitar todo tipo de disidencias. A guerra rematara en abril do 39, pero a represión dará salvaxes coletazos segando a vida de varias persoas. Tal sucederá co asasinato de Avelino Méndez “O Asturiano” (abril do 39) na aldea de Afeosa (Lousame), o homicidio de Manuela Martínez Iglesias (1943) nas minas de wolfram en San Finx e a execución do prófugo Isidro Núñez (1946) en Maxide (Lousame).

No medio desta atmósfera represiva, a vida diaria dos concellos estará dirixida por uns alcaldes que a intentarán gobernar seguindo as directrices trazadas polas novas autoridades militares, mentras a poboación é chamada a sacrificarse ante as penalidades económicas do momento e os actos programados para continuar co espírito de apoio ó réxime xurdido do golpe de Estado do 36. Na vila de Noia, durante os dez primeiros anos de FRANQUISMO sucederáns cinco alcaldes (Luis Rivas Rego, Daniel Paradela, José López Pérez, Juan Pérez Pérez e Pedro Sáez), mentras que no concello de Lousame a figura de Ramón López presidirá o goberno municipal desde os comezos da guerra ata o ano 1952 no que será substituído por Florindo Neu.

Varios acontecementos de distinto significado sucederáns nestes dous concellos durante as décadas dos corenta e cincuenta. A destacar de modo especial a visita de Franco á Ría no ano 1946, non saíndo do barco ancorado diante do peirao do Testal, seguramente como “represalia emocional” á actitude de rebeldía dispensada por estes concellos ó non abrazar desde un primeiro momento a proclamación do estado de guerra; tamén merecen sobrancearse as homenaxes celebradas nesta época (1942, 1944 e 1948) ós “héroes noieses” do Balears, afundido nas augas do Mediterráneo pola escadra republicana en medio da guerra civil (marzo de 1938). De modo peculiar a investigación atopou unha curiosa información sobre o agasallo que o concello de Lousame lle tributou a Eva Duarte, cando a primeira dama argentina visitou Santiago de Compostela no ano 1947; todo un intento das autoridades locais de sumarse ó carro das homenaxes e recibimentos extraordinarios que a muller de Domingo Perón tivo en todo o seu percorrido pola España fascista.

Nun intento de aproximarse a outras realidades con maior impacto local trataráns en dous capítulos diferentes a morte de Dona Lucía Romero Molezún (1948) -aínda presente na historia local de Noia a través das manipulacións a que está

sometida a Fundación Romero Molezún, xurdida logo da morte desta muller- e o pasamento do Vizconde de San Alberto (1948) que doou a Noia os terreos do antigo Campo de Fútbol.

Un ano despois de celebrarse polas rúas da vila de Noia unha espectacular homenaxe ó almirante Cadarso (1948), ocupará a presidencia do goberno noiés o avogado e fundador da Falanxe local Manuel Blanco Ons, cuxa tarefa nos dez anos de mandato será analizada a través das actas municipais, os seus bandos e a información aparecida nos xornais sobre esta época, na que Noia votou a favor do Referendum de Sucesión no ano 1947 e contemplou o paso pola vila dun ministro de Franco, o Conde de Vallellano (1951).

Será no mandato de Blanco Ons e no de Florindo Neu en Lousame, cando se produza por enésima vez o intento noiés de asimila-lo concello veciño, o que será rexeitado manifestamente para evitar unha absorción que sempre a consideraron cunha teima excesivamente acaparadora.

A Blanco Ons sucederálle á fronte da alcaldía local Andrés Caamaño (1954-1964), mentras en Lousame o relevo de F. Neu non se producirá ata que chegue ó goberno municipal Tomé Fuentes (1964-1969). Nun primeiro repaso dos acontecementos desta época os xornais destacan o accidente aéreo en Barajas (1957) onde falece un noiés, e a visita á vila do expresidente de Cuba Prio Socarrás (1960) como resposta a unha invitación do comerciante da localidade Severo Loroño.

A Andrés Caamaño sucederá na alcaldía de Noia o farmacéutico Antonio Busto Rodríguez que desde o ano 1964 estará ó mando do con-

cello ata as primeiras eleccións municipais que gañará o Partido Socialista Obrero Español que liderará Xesús Díaz Fornas. Nunha aproximación detida, a este período dos derradeiros anos do FRANQUISMO, ademais de analizarse a dimensión política, mercé as decisións tomadas en diferentes ámbitos, destaca nesta época a visita realizada ó Pazo de Meirás (1966) pola corporación para entregarlle unha medalla a Franco, que uns anos antes visitara coa súa dona a igrexa de Santa María A Nova, onde Dona Carmen mostrara as preferencias pola pía bautismal de talla soberbia que alí se conserva, e da cal o alcalde ordeou realizar unha copia para salva-lo orixinal.

Tres acontecementos necrolóxicos distinguíranse nestes anos do mandato de Antonio Busto, á marxe da súa tarefa política: o “caso metílico” que traerá a morte a varias familias noiesas; o falecemento da poeta María



NOYA. Calle de Luis Codomo

Mariño (1967) nas terras do Courel e a aparición do cadavre do “maquis” Ramón Rodríguez “Varela” na proximidade das terras de Santiago, logo dunha activa resistencia ó franquismo nas comarcas do Barbanza e interior de Galicia durante a década dos coarenta.

En Lousame, Tomé Fuentes será sucedido na alcaldía por Jesús García-Argüelles Martínez (1967-1972) e Reimundo Videla Rodríguez, mandatario no gabinete municipal desde 1972 ata a democracia.

A homenaxe ó dragaminas Tambre (1972), a morte do director de cine Claudio Guerín na praza do Tapal (1972), o nacemento da revista Tapal, o “milagre” do grupo teatral Candeia, e outros acontecementos de tipo económico, cultural, urbanista e democráticos, completarán o cadro dunha época tan determinante polo atraso que comportou para un futuro aínda con sombras ■



Prudencio Romo

Cançons de Noia

Tú que brillas en el cielo

Luna luna

hermosa y cándida luna
oye mi canto de amor.
tú que brillas en el cielo.

¡Oh luna clara y hermosa!
¡oh que noche silenciosa!
tú mitigas, tú mitigas
mi dolor.

Esta canción “Tú que brillas en el cielo”, foi elexida entre moitas para abrir esta sección dedicada a cancións noiasas que iremos recuperando e editando.

Descoñécese o autor, aínda que sabemos que é dos primeiros anos do século XX, ou finais do XIX.

A crenza de que é xenuinamente noiasa, apóiase no feito de que non aparece en ningún dos cancioneros que hoxe tanto se editan, con cancións que se cantaban ou cantan en distintos pobos de España.

En Galicia, e nalgúns pobos, segue moi arraigada a tradición que nos legaron os rondadores nocturnos que rompían o silencio da noite con queixas de

LENTO

La pa, la pa, hermosa y cándida luna
oye mi canto de amor. Tú que
brillas en el cielo ¡Oh luna
clara y hermosa ¡Oh que noche si-
lenciosa tú mi- ti- gas tu mi- ti- gas mi do-
lor. Tú que bri- llas en el cie- lo ¡Oh lu-
na clara y hermosa ¡Oh que noche si-
lenciosa tú mi- ti- gas tu mi- ti-
gas mi do- lor. Tú que

amor, e melodías coma a que, nesta ocasión, presentamos.

Como estas cantigas eran sempre acompañadas á guitarra, poñemos o cifrado de acordes para o seu acompañamento con este instrumento.



Anxo Tarrío Varela

Colaboracións

Simbología xuvenil e liberdade

Non puntualmente, pero si fundamentalmente, foi a partir daquelas dolorosas xornadas e manifestacións de 1997 durante as que se intentou evitar, primeiro, e denunciar, despois, a morte de Miguel-Angel Blanco Garrido a mans de ETA, cando se rexistraron aspectos moi positivos que foron aplaudidos case unanimemente (houbo uns poucos silencios –algúns atronadores– mesmo en Galicia) polos creadores de opinión dos medios ao se referiren aos bos síntomas de saúde democrática que supuxeron aquelas mobilizacións sociais contra a actuación criminal da banda asasina que está a arruinar Euskal Herria e contra o(s) partido(s) que a apoia(n). Aínda que xa pasaron tres anos e puidera parecer que todo aquilo é auga pasada, gustaríame insistir en que houbo algo naquel momento no que coido que non se reparou suficientemente e que quizais, dado que continúan os atentados, supoña o matiz cualitativo máis importante desta nova era a que deu paso

o asasinato dun rapaz licenciado en Económicas que tocaba a batería nun grupo musical de Ermua (eu resístmome a poñer por diante a súa –por outra parte insignificante– condición política de concelleiro dunha pequena e case descoñecida vila euskalduna). Tratarei de explicarme o mellor que poida nunha cuestión delicada na que é doado desenfocar ou mistificar os feitos.

Por unha banda, cómpre partir da base de algo xa ben recoñecido e comprobado: a condición de simple espectadora que define á sociedade occidental do último tercio do século xx. A (in)cultura do consumo, no seu exacerbamento, multiplicado polos avances tecnolóxicos, propiciou unha gran pasividade que converteu a cada individuo, en particular, e a case toda a comunidade, en xeral, en suxeitos ávidos de consumir calquera cousa, incluído moi especialmente o ocio pasivo e o espectáculo, a calquera precio. E neste proceso interesa sobre todo ver o comportamento da infancia e da xuventude. En canto á primeira, é doado apreciar a falta de actividade lúdica xerada por ela mesma, debido a que xa non téñen que fabricar os seus propios xoguetes, que lle veñen servidos en serie e a precios ben asequíbeis, nin ser actora, improvisadora e transformadora dos seus xogos, pois todo está baixo a supervisión dos maiores. En contraste coa infancia de hai unhas décadas, que aínda recibía por transmisión familiar e social unhas habelencias que lle permitían encher creativamente o seu propio tempo lúdico, a infancia de agora está eivada polas programacións que se lles deseñan

dende o mercado e das que as últimas, pero non derradeiras, son eses videoxogos, traumatizantes polo inmovilismo que conlevan e mesmo por veces, anque sexan excepcións patolóxicas, pola violencia real a que poden inducir, como se puido ver estes días pasados con ese adolescente que matou a súa familia.

En canto á xuventude, podemos case dicir o mesmo: na súa xeralidade, xa non sabe vivir sen diñeiro no peto porque téñ que compralo todo, en lugar de organizar o seu divertimento aproveitando o potencial creativo que encerra



Gravado de Ana Cambeiro
Escola de Gravados "Alfonso Costa"

en si mesma. O fenómeno dos "concertos" de cantantes de moda é ben significativo: miles de mozos e de mozas son quen de pasar horas e máis horas, acurrados como gando, mirando para un escenario no que se lles ofrece un abano moi reducido de ritmos e de músicas, así

como letras que transmiten unhas propostas ideolóxicas moitas veces xera-das por individuos, totalmente indixentes dende o punto de vista cultural, que se erixen en guieiros do "pensamento" xuvenil polo simple feito de pertenceren a grupos de moda. Deste xeito, a filosofía da vida dun adolescente occidental pode estar compendiada toda ela nunhas cantas letras de cancións escritas por uns poucos rapaces e rapazas que decidiron formar un grupo musical.

Outro fenómeno novo que podemos enfiar nesta mesma tendencia é a masiva incorporación da infancia e da xuventude (agora tamén feminina) ao espectáculo do fútbol dominical e vespertino, algo que antes (dende logo con evidente e inxusta discriminación) só estaba previsto para homes adultos, porque o deporte infantil e xuvenil, gratuito, se desenvolvía nas mañáns dos días festivos e só para nenos e mozos.

E xunto con todo isto foi agromando un comportamento e unha simboloxía de grupo desenvolvidos pola necesidade de manifestar ou de inducir estados de ánimo con que facer unánime, é dicir, con que reunir o que estaba disperso e individualizado, para aproveitalo a favor dunha causa (pseudo)deportiva ou, simplemente, como é o caso dos concertos de música, dunha diversión colectiva uniforme que remata en si mesma nada máis

acabar o festival. A uniformización no vestir, os movementos coordinados dos corpos, os símbolos e xestos producidos cos brazos e coas mans foron pouco e pouco converténdose nunha especie de linguaxe ao servizo de obxectivos intrascendentes e con proxección nun “outro” que se beneficia da pasividade: o clube (pseudo) deportivo (agora xa unha sociedade mercantil con vontade de lucro) ou o grupo ou cantante de moda, tamén convertidos en empresas que deben xerar beneficios. De xeito tal que, en boa medida, pode dicirse que o espectador é explotado dobremente pola propia organización do espectáculo, pois por riba de ter que pagar a entrada, o asistente ten que producir boa parte dese espectáculo, que non sería igual sen a súa participación, o cal equivale a mercar unha prenda de vestir á que se incorporan os logotipos das marcas comerciais, facendo do individuo, non só un soporte de publicidade gratuito e moi efectivo, senón tamén o financiador da mesma.

Pois ben, todo isto que se foi xerando dun xeito espontáneo (aínda que paulatinamente orientado polos grupos de interese económico: pensemos nas organizacións de fans ou de siareiros subvencionados máis ou menos abertamente polas empresas discográficas ou polos clubs de fútbol) fixo eclosión cualitativamente diferente coas manifestacións de protesta pola tortura e polos asasinatos de ETA ou de maridos furiosos, de xeito que moita da simboloxía creada para aquelas causas intrascendentes revelouse moi operativa para outros fins que si interesan xa á supervivencia de toda a sociedade: as causas da paz, da democracia e da liberdade, das que sería desexábel que se convertesen en obxectivo central dun revulsivo do sistema de valores e dunha remoción da sensibilidade social adormecida pola sociedade de consumo e pola violencia real, televisiva ou cibernética.

Deste xeito, sería interesante que a xuventude chegase á conclusión de que non é incompatible o espectáculo (por mágoa, as manifestacións contra a violencia teñen a veces

tamén esa dimensión) coa defensa de aquilo que nos fai máis libres e verdadeiramente civilizados: a recuperación da dignidade e do orgullo de pertencermos á especie humana. E por obra deste fenómeno, fomos moitos os adultos que nos vimos imitando os xestos dos xoves, sen nos sentir grea inopinante, e levantamos as palmas das mans con emoción e con sentimento de solidariedade nas manifestacións contra o terror e a violencia. Velaí por ónde non sería imposible que cada domingo o campo de fútbol se convertese nun lugar de lembranza para as vítimas da barbarie que está a padecer o mundo enteiro e, xa que logo, nunha recordación de que os asasinatos sempre poden volver a cometer os máis atroces e noxentos crimes, se non os desenmascaramos día a día alí onde asomen a cabeza.

Xa se sabe que hai máis aspectos a ter en conta, pois sempre se corre o risco de que a instrumentación política de todo isto enlorde unhas manifestacións nadas limpamente da sensibilidade e da solidariedade. Pero de tódolos xeitos sería importante que a xuventude, anque non fose máis que coa súa simboloxía colectiva e lúdica, tomase o protagonismo de algo no que estamos todos involucrados.

¡E longa vida á revista *Alameda*, que sen dúbida defenderá causas nobres!


Os nosos libros

ÁLVARO DE LAS CASAS, *O cemiterio de Noia*

Edita: Gráficas Sementeira (Toxosoutos).
Colección Seitura. Noia, 1990.

12 x 16 cm. 198 páx.

Este libro, básico para o coñecemento da historia medieval noiésa, é facsímil de *El cementerio de Noia*, publicado en 1936 polo eximio profesor ourensán quen daquela impartía clases no Instituto noiés. Esta edición vai precedida por un limiar de Manuel Blanco Ons que fora seu alumno, e completado cun estudio sobre o retábulo de Santa María a Nova, da autoría de Xoán X. Mariño, e dun estudio sobre a necrópole do tamén historiador noiés Xosé M^a Torres Reino.



XERARDO AGRAFOXO PÉREZ, *Noia: unha vila histórica*

Edita: Colexio Público de Lousame, 1987

14 x 21 cm. 182 páx.

"Nesta recuperación da nosa historia e memoria colectiva o autor pretende como primordial obxectivo emprender unha viaxe cuio momento de saída escomenza no amencer da vila para dispois dun longo percorrido de catro mil anos rematar no crepúsculo da Edade Media".

Este libro, feito coa seriedade e rigurosidade que caracteriza ao profesor Agrafoxo, leva como subtítulo: "Dende a orixe ata a Edade Moderna", o que compromete ao autor para continuar profundando na historia de Noia en sucesivas entregas ata finais da Guerra civil, como así foi.

PEDRO GARCÍA VIDAL, *A Noia da memoria*

Edita: Concello de Noia, 1991.

21,5 x 28,5 cm. 234 páx.

Esta obra, subtitulada "Pasado e presente dun casco histórico: evolución urbana", con profusión de debuxos e fotografías antigas de arquivos particulares, conta coa colaboración na planimetría e levantamento de fachadas de Xosé Manuel Insua e con fotografías de Rosa Martínez e Xepe Torres.

Ninguén mellor que o propio xeógrafo para explicarnos a intención do seu traballo, quen nos di no Introito: "O estudio atenderá á forma, función e transformacións históricas do denominado Casco histórico, dado que o que este espacio foi no pasado, configura a súa estrutura e fisonomía actual. No centro da investigación aparece a construción do núcleo histórico, a súa historia urbana e a estrutura do seu plano, en definitiva, a súa evolución ó longo do tempo como organismo vivo en continua transformación".



ALFONSO COSTA, *O espello de papel*

Edita: Toxosoutos. Colección Nume. Noia, 1996.

15 x 21 cm. 199 páx.



Sabíamos da multifacecia de Alfonso Costa nas artes plásticas: pintor, gravador, debuxante, muralista... Non coñecíamos estoutra forma de comunicarse con nós a través da poesía. Coa publicación deste libro, Costa entra con paso decidido na República das Letras. Artista, a fin de contas, as súas preocupacións, inquietudes, sentimentos, as luces e sombras do seu mundo íntimo e persoal, pode transmitírnolas, tamén, por medio da palabra poética. Este primeiro poemario do artista noiés está dominado polo amor, tema que dá unidade ao libro, un amor de mil acenos: soidade, nostalgia, separación, dor, ledicia, ternura, esperanza. E a emoción dominándoo todo.

Os poemas van precedidos dunha carta-prólogo de Aurora Marco, unha carta sobre a poesía de Costa. Fermosos gravados do propio artista enriquecen notablemente a edición. Agardamos que o pintor e poeta nos ofrezca axiña novas entregas.



Rosa das Sebes

Jetras Galegas

Manuel Murguía

Manuel Antonio Martínez Murguía naceu o 17 de maio de 1833 no lugar de Froxel, concello de Arteixo (A Coruña). A súa nenez transcorreu na cidade da Coruña e en Compostela onde seu pai rexentaba unha farmacia. Cursou Latin e Humanidades cun preceptor, obtivo o Grau de Bacharel en Filosofía en 1850, e fixo estudos de Farmacia, en Santiago e en Madrid, que nunca finalizou. Trasládouse a Madrid, posibelmente en 1853 ou algo antes, e axiña estableceu relacións literarias e políticas que lle permitiron iniciar unha colaboración constante en xornais e revistas, e os seus primeiros pasos como novelista e como autor de contos e poesías: *La Virgen de la servilleta* (1852); *Luisa* (1852); *Un can-can de mussard* (1853); *Un artista* (1853); *Desde el cielo* (1854); *El regalo de boda* (1855); novela que chegou a alcanzar a décima edición e foi traducida a varios idiomas; *Mi madre Antonia* (1856); *El ángel de la muerte* (1857); *Don Diego Gelmírez* (1859) e *La mujer de fuego* (1859).

En Madrid frecuenta algunhas tertulias literarias e coñece á que será a súa compañeira, Rosalía de Castro, coa que casa en outubro de 1858 e que, por aqueles anos, estaba iniciando a súa andadura como literata. O matrimonio compartirá os intereses intelectuais e a defensa dos valores galegos até a morte da escritora en xullo de 1885.

Malia os comezos prometedores no campo literario, volto a Galiza, a obra de Murguía, ampla e variada, orienta-se fundamentalmente no campo da erudición: crítica literaria, arte, historia, arqueoloxía, folclore, xeografía... Neste campo destacan especialmente: *Diccionario de escritores gallegos* (1862); *La primera luz* (1868), destinada ao ensino primario; *Historia de Galicia* (1865/1866, I e II tomo e 1888/1891, III e IV tomo); *Los Precursores* (1885); *Galicia* (1888); *El regionalismo gallego* (1889).

Aínda que non escribiu moito en galego, foi un decidido defensor da nosa lingua, á que se referiu en moitos dos seus escritos en castelán, destacando constantemente as súas



Manuel Murguía, pintado polo seu fillo Ovidio Murguía Castro.

(Reproducido da *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 22)

raíces comuns co portugués. Da súa produción en galego, pode-se citar: "Nena das soidades", dedicado a Elina Avendaño (1854); "Baixo do ceo a cuio amparo repousas", dous breves párrafos en prosa dedicados a Curros Enríquez (1919); *Eduardo Pondal e a súa obra* (1919), un discurso para honrar a Pondal; o discurs-

so pronunciado en 1891 nos Xogos Florais de Tui, de enorme interese. Vaamonde Lores afirma que Murguía escribeu numerosas producións en galego e cita tres poemas máis: "Non quero que me fuxas, non quero que me busques", "Miña dona gentil, a namorada" e "Quérote ver descendo, cando a mañán clarea".

Desde a fundación da Académia Galega, foi Presidente da Corporación até a súa morte o 2 de febreiro de 1923. Foi Manuel Murguía, a quen se lle dedica este ano a efeméride das Letras Galegas, un representante cualificado do galeguismo e da historiografía galega ■

En *Galicia* escribeu unhas liñas sobre a vila de Noia que, a seguir reproducimos:

"Pocas poblaciones en Galicia conservan mejor que ésta de que hablamos, su antiguo aspecto y viejas tradiciones; no las hay tampoco que más claramente indiquen sus pasadas prosperidades así como la posibilidad de otras nuevas. Al solo nombre de esta villa, que suena más dulce todavía en labios de sus habitantes, cuantos han tenido ocasión de visitarla recuerdan sus viejas calles y poéticos alrededores, la proverbial hermosura de sus mujeres, la claridad de su cielo y sobre todo su dichosa situación al pie de las aguas y en medio de los montes que la abrigan y defienden".



Selección bibliográfica sobre o autor:

Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, 3ª ed., Galaxia, Vigo, 1981.

González Beramendi, J., "Manuel Murguía", en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 22, Silverio Cañada Editor, Vitoria, 1974.

Risco, V., *Manuel Murguía*, Galaxia, Vigo, 1976.

Vidal, F. A., *Manuel Murguía. Textos en galego*, Toxousoutos, Noia, 1999.

VV.AA., *Volver a Murguía*, A Nosa terra, Vigo, 1998.